

**ASUNTO: ACTA DE CALIFICACIÓN DO TRIBUNAL NOMEADO PARA LEVAR A CABO O PROCESO DE SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL FIJO, POR CONCURSO DE MÉRITOS, DE SEIS AUXILIARES DE AXUDA NO FOGAR (A TEMPO PARCIAL) DO CONCELLO DE SOBRADO**

**(EXECUCIÓN DOS PROCESOS DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL. D.A. 6<sup>a</sup> E 8<sup>a</sup> DA LEI 20/2021).**

Sendo as 9:00 horas do venres 17 de novembro de 2023, reúñese no salón de plenos do Concello de Sobrado, os membros do Tribunal de selección e calificación que a continuación se relacionan, para levar a cabo a valoración dos méritos profesionais e dos méritos académicos ou formativos presentados polas aspirantes admitidas no proceso de selección para a cobertura de seis prazas de auxiliar de axuda no fogar do Concello de Sobrado.

Presidenta: M<sup>a</sup> Soledad Iglesias Pérez, educadora social do Concello de Toques.

Vogais: - Guadalupe Vázquez Ascariz, traballadora social do Concello de Toques.

- M<sup>a</sup> Teresa Alcalde Valle, traballadora social do Concello de Santiso.

- M<sup>a</sup> Esther Vidal Pandelo, traballadora social do Concello de Boimorto.

Secretaria: M<sup>a</sup> Ermitas Sánchez González, traballadora social do Concello de Sobrado.

Unha vez incorporados a reunión do Tribunal e sendo as 9: 30 minutos, comeza a valoración de maneira individual dos méritos profesionais e de formación debidamente aportados polos aspirantes admitidos.

Sendo as 10 horas, e unha vez rematada a valoración individual de todos os méritos profesionais e de formación que foron debidamente aportados por todos os aspirantes que foron admitidos, se outorga, por unanimidade do Tribunal as seguintes calificacons sobre un máximo de 100 puntos, tal e como establece a Base oitava do presente proceso de selección, sendo :

*"A.I méritos profesionais no mesmo corpo, escala, categoría ou equivalente no Concello convocante, máximo 60 puntos.*

*A.II- servizos profesionais no mesmo corpo, escala, categoría ou equivalente noutras Administracións Públicas, 30 puntos.*

*B.I- Formación convocada por Administracións Públicas ou homologadas, relacionada coas funcións a desenvolver, 1 punto por hora, máximo 30.*

*B.II- Titulación académica superior a requerida, 3 puntos "*

### CUALIFICACIÓNS

Apelidos e nome	DNI	Méritos Profesionais		Formación		Total Puntuación
		A.I.	A.II	B.I.	B.II.	
Andrade Losada Concepción	***9523**	70	-	30	-	100
Buján Ramos M <sup>a</sup> Carmen	***1570**	70	-	30	-	100
García López Concepción	***9756**	64,8	-	30	-	94,80
García López Pura *	***1953**	58,5	-	30	-	88,50
Quintela García M <sup>a</sup> Monserrat	***0712**	70	-	30	-	100
Vigo Vázquez M <sup>a</sup> Carmen	***0819**	70	-	30	-	100

Rematada a valoración procédese a realizar a proba de galego celga 1 a candidata Pura García López resultando apta.

Ordeadas por puntuacións obtidas, existe empate en catro candidatas:

Apelidos e nome	DNI	Méritos Profesionais		Formación		Total Puntuación
		A.I.	A.II	B.I.	B.II.	
Andrade Losada Concepción	***9523**	70	-	30	-	100
Buján Ramos Mª Carmen	***1570**	70	-	30	-	100
Quintela García Mª Monserrat	***0712**	70	-	30	-	100
Vigo Vázquez Mª Carmen	***0819**	70	-	30	-	100
García López Concepción	***9756**	64,8	-	30	-	94,80
García López Pura *	***1953**	58,5	-	30	-	88,50

Dado que non se presentaron máis candidatas que prazas convocadas, non se pode formar bolsa de emprego tal como establece a base 14ª da convocatoria.

Visto o establecido nas bases da convocatoria:

**“DÉCIMO SEGUNDA.- ACHEGA DE DOCUMENTOS POR PARTE DOS OPOSITORES APROBADOS**

1. A relación de aprobados, publicada no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Sobrado, conterá unha advertencia recordándolles ós opositores aprobados que deberán presentar a documentación sinalada nas bases para xustificar que cumpren os requisitos esixidos para accederen ó posto convocado.

2. Os aspirantes propostos disporán dun prazo de 20 días hábiles, contados dende a publicación da relación de aprobados, para presentar os seguintes documentos orixinais ou copias cotexadas dos mesmos:

a) Documento nacional de identidade.

b) Título académico esixido para o ingreso.

c) Certificado ou informe médico acreditativo de non padecer enfermidade nin defectos físicos e/ou psíquicos que incapacite para o exercicio das funcións das prazas convocadas, expedido por facultativo/a do Servizo Galego de Saúde ou similar que lle corresponda.

d) Declaración xurada de non ter sido separado do servizo das administracións públicas e non estar incursu nalgunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na legislación vixente.

e) Documentación xustificativa daqueles outros requisitos esixidos para o ingreso nas bases específicas de cada proceso selectivo.

3. Ante a imposibilidade, debidamente xustificada, de presentar os documentos sinalados, os aspirantes poderán acreditar que reúnen as condicións esixidas mediante calquera outro medio de proba admitido en dereito.

4. Quen non presentase a documentación sinalada anteriormente dentro do prazo fixado, salvo causa de forza maior, non poderá ser nomeado como funcionario de carreira ou como persoal laboral fixo, nin tampouco se do exame da documentación se deducise que carece dalgún requisito.

**DÉCIMO TERCEIRA.- NOMEAMENTO E CONTRATACIÓN**

1. Concluído o proceso selectivo, os aspirantes aprobados, cun número que non poderá exceder en ningún caso o de postos convocados, serán nomeados funcionarios de carreira ou contratados como

*persoal laboral fixo, pola alcaldía - presidencia, unha vez que xustifiquen documentalmente o cumprimento dos requisitos previstos nestas bases para o ingreso.*

*2. A proposta do tribunal cualificador terá carácter vinculante para a alcaldía - presidencia, que ordenará a publicación dos nomeamentos no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa toma de posesión ou formalización do preceptivo contrato laboral fixo, unha vez que se practique a notificación persoal de nomeamento.*

*3. A toma de posesión efectuarase dentro do prazo máximo de 1 mes a partir da publicación do nomeamento; de non facer nin existir causa xustificada, que deberá ser alegada e aceptada, as persoas nomeadas quedarán na situación de cesantes. No caso de persoal laboral fixo procederá á formalización do preceptivo contrato de traballo no prazo indicado.*

*4. Os postos de traballo vacantes que se van cubrir como consecuencia destes procesos selectivos adxudicaranse pola alcaldía - presidencia tendo en conta as peticóns das persoas interesadas.”*

Á vista do proceso selectivo, e tal e como se establece nas bases reproducidas, o Tribunal propón o nomeamento como persoal laboral fixo das seguintes aspirantes:

Apelidos e nome	DNI
Andrade Losada Concepción	***9523**
Buján Ramos M <sup>a</sup> Carmen	***1570**
Quintela García M <sup>a</sup> Monserrat	***0712**
Vigo Vázquez M <sup>a</sup> Carmen	***0819**
García López Concepción	***9756**
García López Pura *	***1953**

Non habendo máis asuntos que tratar remata a reunión en Sobrado ás 10:30 horas.

O que se comunica para o seu coñecemento e efectos, significándolle que dacordo co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, contra a presente, que non pon fin á via administrativa, pode interponer recurso de alzada, no prazo dun mes ante o órgano superior xerárquico do que o ditou (alcaldía).


Trancorridos tres meses dende a interposición do recurso sen que recaese resolución, poderase entender desestimado o recurso.

Todo iso, sen prexuízo de que poida exercitar outro recurso que estime procedente.

A presidenta



Vogais



A secretaria

